

## I. DATOS XERAIS DA MATERIA

- |  |  |
|--|--|
| a) <b>Nome oficial.</b>                                  | Microeconomía II                               |
| b) <b>Titulación.</b>                                    | Economía                                       |
| c) <b>Créditos</b>                                       | 4.5 (Teóricos 3; Prácticos 1,5)                |
| d) <b>Curso.</b>   | Cuarto   |
| e) <b>Código da materia.</b>                             | 611111502                                      |
| f) <b>Tipo.</b>  | Obrigatoria                                    |
| g) <b>Impartición.</b>                                   | Primeiro Cuatrimestre                          |
| h) <b>Departamento/s responsable/s.</b>                  | Análise Económico e Administración de Empresas |
| i) <b>Profesor/a coordinador/responsable da docencia</b> | <b>J. Andrés Faíña Medín.</b>                  |

### Información por grupo

**1) Nome e apelidos do profesor/a que impartirá docencia**

J. Andrés Faíña Medín y Laura Varela Candamio

**2) Lugar e horario de tutorías**

Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, Mércores de 18,30 a 19,30 e Xoves de 16,00 a 17,30 horas.

**3) E-mail**

[fai@udc.es](mailto:fai@udc.es),

**4) Universidade Virtual:** Temas, diapositivas e prácticas na páxina web da Cátedra Jean Monnet de Economía Industrial Europea, <http://www.gcd.udc.es> (Investigadores > Faíña > Docencia)

**5) Lingua na que se impartirá a docencia:** Español, outras de se solicitar: galego e inglés

## II. OBXETIVOS DA MATERIA

Teoría do comportamento dos axentes económicos e dos mercados.

Análise da competencia e os procesos competitivos coma mecanismos especificamente deseñados para soportar resultados cooperativos compatibles en termos de incentivos. Análise da competencia en mercados oligopolísticos: Colusión e estratexias empresariais para o dominio do mercado. As normas da competencia na UE.

Monopolios e industrias de rede: Comportamento das empresas baixo restriccións regulatorias, os novos modelos de regulación flexible.

## III. METODOLOXÍA

Presentación e discusión dos temas da materia cos modernos conceptos da microeconomía e a teoría de xogos. Presentacións con “power point” en clase. Realización de exercicios e discusión de casos.

#### **IV. AVALIACIÓN**

Avaliación de xeito continuo, mediante a realización de test periódicos (esto representará o 80% da nota). Os exercicios e traballos de clase ponderarán co restante 20%. Realizarase un exame final para a aqueles estudantes que non superaran a avaliación continua.

#### **V. TEMAS OU BLOQUES DE CONTIDOS**

##### **PARTE 1: AXENTES ECONOMICOS, COMPETENCIA E MONOPOLIO**

###### **TEMA 1: A TEORIA ECONOMICA DO COMPORTAMENTO HUMANO**

1. Decisión óptima e elección racional: Función obxectivo e restricións. O modelo matemático da optimización condicionada.
2. A Teoría do consumidor: Función de utilidade e preferencias
3. O enfoque dual: maximización da utilidade e minimización do gasto
4. A demanda do consumidor: prezos, renda e elasticidades
5. Medidas de benestar: Excedente do consumidor e outras medidas

###### **TEMA 2: PRODUCCION, COSTES E MERCADOS**

1. Produción e Costos
2. A oferta da empresa competitiva e o equilibrio a curto prazo
3. O equilibrio a longo prazo e liberdade de entrada. Tamaño óptimo da planta
4. Diferenciación de produto e competencia monopolística
5. Equilibrio competitivo e beneficios empresariais: As cinco forzas de Porter

###### **TEMA 3: O EQUILIBRIO DO MONOPOLISTA E A COMPARACION COA COMPETENCIA PERFECTA**

1. O equilibrio a curto prazo. Beneficios, perdas ou beneficio nulo
2. O equilibrio a longo prazo. O equilibrio e a escala de planta
3. Mercados monopolistas “versus” mercados competitivos
4. Mercados con axuste en prezos (walrasianos) vs. Mercados con axuste en produción (marshallianos)

##### **PARTE 2: INTRODUCCIÓN Á TEORÍA DE XOGOS**

###### **TEMA 4: INTRODUCCION Á TEORIA DE XOGOS**

1. A interdependencia entre os axentes decisores: xogos cooperativos e non cooperativos.
2. Xogos e conflito humano: xogos estrictamente competitivos e con ganancias mutuas.
3. Xogos en forma normal y en forma extensiva. Exemplos: Casando moedas, dilema dos presos, batalla dos sexos, entrada nun mercado de monopolio.
4. Estratexias mixtas

###### **TEMA 5: EQUILIBRIO DE NASH-COURNOT PARA XOGOS NON COOPERATIVOS**

1. Correspondencias de mellor resposta: Exposición gráfica en xogos bipersonais con dúas estratexias. Discusión de los exemplos anteriores.

2. Equilibrio de Nash en xogos finitos: Teorema de existencia de Nash
3. Inducción retrospectiva e ameazas cribles. Refinamentos do equilibrio de Nash. Equilibrio perfecto en subxogos.

### PARTE 3: COMPETENCIA E MODELOS DE MERCADOS

#### TEMA 6: INCENTIVOS, SISTEMAS COLECTIVISTAS E COMPETENCIA

1. A traxedia dos bens comunais: sobreexplotación de recursos
2. Incentivos y oferta de esforzo nos sistemas colectivistas
3. Dereitos de propiedade e contratos: A competencia como un xogo con resultados cooperativos eficientes.

#### TEMA 7: INTERDEPENDENCIA ESTRATEXICA E MODELOS DE COMPETENCIA

1. Competencia en cantidades: Modelos de Cournot. A competencia perfecta como límite da competencia en cantidades entre gran número de empresas
2. Competencia en precios: Modelos de Bertrand
3. Competencia espacial: Modelos de Hotelling

#### TEMA 8: XOGOS EN ETAPAS: LIDERAZGO E VENTAXAS ESTRATEXICAS FRENTE Á ENTRADA

1. Liderazgo e modelos de Stackelberg
2. Reinterpretación en termos de capacidade: compromisos cribles e ventaxas estratéxicas das empresas establecidas
3. Barreiras e disuasión de entrada.

### PARTE 4: COLUSION EN OLIGOPOLIOS

#### TEMA 9: XOGOS REPETIDOS: TEOREMAS E PARADOXAS

1. Xogos repetidos: Conceptos básicos e exemplos.
2. Paradoxas nos xogos de equilibrio único con horizonte finito e certo: Dilema dos Presos e Cadea de Almacéns.
3. Xogos con horizonte infinito ou incerto: Estratexias de Gatillo e de Represalia. Múltiples equilibrios e Teorema Folk.

#### TEMA 10: XOGOS REPETIDOS: APLICACIONES EN MODELOS DE OLIGOPOLIO

1. Promesas e ameazas: Estratexias cribles de premio e castigo
2. Colusión en modelos de Bertrand: prezos e incentivos a medio prazo. Prezoes de Monopolio e equilibrios perfectos de Pareto.
3. Colusión en modelos de Cournot: Cantidades de Monopolio e equilibrios perfectos de Pareto.

#### TEMA 11: INFORMACION INCOMPLETA E EQUILIBRIO BAYESIANO

1. Xogos bayesianos: Estratexias e equilibrio. Outras conexións entre información completa e incompleta: As estratexias mixtas como límites de estratexias bayesianas puras.
2. Duopolio de Cournot con información asimétrica.
3. Equilibrios bayesianos perfectos e outros refinamentos.

#### TEMA 12: COMPETENCIA E XOGOS CON INFORMACION INCOMPLETA

1. Reputación e equilibrio: Cooperación no dilema dos presos.

2. Reputación, prácticas predatorias e disuasión de entrada.
3. Fluctuacións de demanda e asimetrías informativas.
4. Mecanismos de información e colusión entre oligopolistas: discusión da estabilidade dos cárteles e das posibilidades da política antimonopolio.

## PARTE 5: MONOPOLIO E REGULACION

### TEMA 13: A DISCRIMINACIÓN DE PREZOS

1. A discriminación de terceiro grao. A regra inversa da elasticidade
2. A produción con múltiples plantas.
3. A discriminación de segundo grao
4. A discriminación de primer grao. O excedente do consumidor e a solución competitiva.

### TEMA 14: MONOPOLIO E EFICIENCIA ECONOMICA

1. Regulación do monopolio. O control de prezos e o establecemento de impostos
2. O monopolio natural. O dilema do monopolio natural. Os sistemas de fixación de tarifas de dobre tramo
3. Os modelos de fixación de prezos mediante unha marxe sobre costes
4. Barreiras a entrada: prezos que “exclúen” a entrada e prezos que a “inducen”.
5. Monopolio natural e sostible. Mercados atacables e subaditividade de costes.

### TEMA 15: OUTROS MONOPOLIOS

1. O monopolio de demanda. Monopsonio
2. O monopolio bilateral

## PARTE 5: POLITICA DA COMPETENCIA NA UE

### TEMA 16: EFICIENCIA E BARREIRAS COMERCIAIS: A UNIFICACION DO MERCADO INTERIOR DA UE

1. Equilibrio e axustes sectoriais a medio e longo prazo: Estructuras de custos, beneficios, contestabilidade e barreiras de entrada.
2. Integración de mercados en la UE: Efectos da supresión de barreiras e incremento da presión competitiva
3. Rendas e optimización de costes: Ineficiencia X.
4. Discriminación de prezos en mercados segmentados

### TEMA 17: POLITICA DA COMPETENCIA NA UE

1. Réximen de competencia e normas aplicables ás empresas
2. Acordos restrictivos da competencia
3. Abuso de posición dominante
4. Control de operacións de concentración: fusionés e adquisicións

### TEMA 18: DISCRIMINACION, SEGMENTACION E RESTRICCIONS VERTICAIS

1. Discriminación de prezos.
2. Segmentación de mercados
3. Restriccións verticais: estruturas integradas, contratos de distribución y franquicias.

### TEMA 19: MONOPOLIO E REGULACION: AS INDUSTRIAS DE REDE EN LA UE

1. Eficiencia e regulación de prezos e beneficios: Concursos e topes de prezos.
2. Costos conxuntos

3. Unificación dos mercados de servicios públicos: Servicios económicos de interese xeneral e obrigas de servicio público.

## **VI. RECOMENDACIÓNS**

O aspecto decisivo para cursar con bos resultados a asignatura e unha boa comprensión dos conceptos e métodos de análise. Por elo recomendase asistir a clase con regularidade e realizar os tests e exercicios propostos nos distintos bloques do programa.

## **VII. FONTES DE INFORMACIÓN**

Non existe un único libro que se axuste ao programa e ao enfoque deste curso. A proxección sobre a realidade institucional da Política da Competencia na Unión Europea dos instrumentos conceptuais e analíticos da Teoría Económica favorece unha comprensión máis fonda da teoría e unha visión máis rica de sua capacidade para interpretar e conformar as estratexias empresariais e os deseños institucionais dos mercados no mundo actual.

Esto esixe traballar cunha variedade de materiais imposibles de encontrar e reunir nun manual o libro de texto. Os apuntes e o material básico para o seguimento do curso atópanse na UDC Virtual e na páxina da Cátedra Jean Monnet de Economía Industrial Europea na Webb da UDC.

O impresionante desenvolvemento da teoría de xogos e da economía industrial nos últimos cincuenta anos, sen acadar aínda unha presenza nos manuais acorde coa sua importancia, permite dispor xa dun amplo conxunto de libros a nivel intermedio e avanzado sobre estas materias. De seguido relaciónanse os que se consideran máis útiles para os estudantes de un nivel intermedio.

Como textos de Microeconomía recomendanse:

- VARIAN, H. Microeconomía Intermedia. Ed. Antoni Bosch
- SCHOTTER, A, Microeconomics. A Modern Approach, HaperCollins
- 

Sobre Teoría de Xogos con orientación á economía recoméndanse:

- FAIÑA MEDIN, J.A., “A Teoría de Xogos: O nobel de Economía e moito máis...”, UDC, A Coruña, 2003.
- GIBBONS, R., “Un primer curso de Teoría de Xogos”, ed. A. Bosch, Barcelona, 1997
- PEREZ, J., JIMENO, J.L. e CERDÁ, E., “Teoría de Xogos”, ed. Pearson, Madrid, 2004.

Como textos de economía industrial recoméndanse:

- FERNANDEZ DE CASTRO, J. e DUCH BROWN, N., “Economía Industrial: Un enfoque estratéxico”, McGraw-Hill, Madrid, 2003.
- SEGURA, J., “Teoría de la Economía Industrial”, Civitas, Madrid, 1993.

Como libro de consulta en moitos temas e en particular para os xogos de entrada, tarifas óptimas e competencia intramarca, recomendase:

- TIROLE, J., “Teoría de la Organización Industrial”, Ariel, Barcelona, 1990

Como libros de consulta en temas relacionados co monopolio recomendase:

- WALTER NICHOLSON; “Teoría microeconómica. Principios básicos e aplicacións”. Sexta edición, McGraw- Hill. 1997.
- KATZ, M., ROSEN, H., “Microeconomía”. Vicens Vives, 1994.

Entre os numerosos libros de gran interese que merecen o esforzo de se ler en inglés, recoméndanse:

- SCHOTTER, A., “Modern Microeconomics”, Harper Collins College Publishers, Nueva York, 1994. Un manual moi recomendable de microeconomía intermedia con bastante atención á teoría dos xogos.
- PEPALL, L., RICHARDS, D.J. and NORMAN, G., “Industrial Organization: Contemporary Theory and Practice”, South-Western, Thomson Learning, Ohio, 2002. Un manual fácil de entender e ben equilibrado que cubre una gama ampla de temas sobre economía industrial.
- PHILIPS, L., “Competition Policy: A Game-Theoretic Perspective”, Cambridge University Press, 1995. Unha monografía con modelos de xogos sobre comportamentos anticompetitivos (colusión explícita e tácita, predación) e casos prácticos de política de la competencia. Unha monografía altamente recomendable pola súa boa organización e claridade expositiva e pola boa selección dos temas e o enfoque práctico. A terceira parte do libro dedícase á exposición das técnicas estatísticas que proporcionan evidencia nos casos de dereito da competencia na UE.
- BISSHOP, S. and WALKER, M., “The Economics of EC Competition Law: Concepts, Application and Measurement”, 3th edition, Sweet and Maxwell, 2010.
- MOTTA. M., “Competition Policy: Theory and Practice”, Cambridge University Press, 2004. Un magnífico e completo libro sobre das diversas formas de competencia, oligopolio e alianzas empresariais, a súa valoración de benestar e as institucións da política de competencia, con un bo conxunto de casos e exemplos. A última parte contén unha síntese do instrumental analítico (con teoría de xogos) necesario.